

AO SECRETARIO XERAL TÉCNICO DA CONSELLARÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN E UNIVERSIDADE

O pasado día 3 de setembro na CIG-Ensino fixemos pública na nosa web unha queixa pola confirmación na versión do protocolo do 31 de agosto da obriga de se incorporar ao centro de traballo ao persoal que forma parte dun grupo vulnerábel.

Máis alá da nosa profunda discrepancia con esta medida, totalmente contraditoria coa decisión adoptada para a incorporación do profesorado de Bacharelato e FP a finais do curso escolar 2019/20, trasladabamos naquel momento o noso estupor diante do feito de que o texto publicado o 31 de agosto reducía a un parágrafo o que antes eran 5 páxinas, con toda a información da tramitación das peticións nos supostos de vulnerabilidade.

Toda esa información sobre a tramitación desapareceu do novo texto, o que implica desde o noso punto de vista a indefensión do persoal dos centros, que non coñece como debe tramitar as súas solicitudes nin como se desenvolve o trámite administrativo. Isto está a provocar que haxa profesorado que recorre ao texto do protocolo do 22 de xullo, dirixindo as peticións á dirección do centro, malia que ese texto está anulado desde a publicación da versión do 31 de agosto.

Desde un punto de vista exclusivamente de procedemento administrativo, de xestión de recursos humanos e de prevención de riscos parécenos unha enorme irregularidade esta situación.

Por outro lado solicitamos información sobre o número de solicitudes por vulnerabilidade por provincia e, caso de que se teña producido algunha resposta, cal foi a resolución dos servizos de prevención.

A xestión sobre contaxios e corentenas xa presentan nestes primeiros días de curso importantes contradicións. A información que se está trasladando a diferentes docentes, ben por parte da inspección ou da dirección dalgún centro sobre consultas relacionadas cos efectos das medidas de prevención do protocolo na súa saúde ou no desenvolvemento das dúas funcións docentes (docentes con hipoacusia, problemas foniátricos, profesorado que atende a alumnado con NEE, docentes que imparten determinadas materias ou módulos...) está tamén presentando problemas.

Tendo en conta o anterior, desde a CIG-Ensino solicitamos manter unha reunión ben no marco da Mesa Sectorial ou no Comité Intercentros de Seguridade e Saúde Laboral, que como sabe xa lle demandamos con anterioridade ao conselleiro, para debater sobre os temas arriba indicados e para proporcionarnos a información demandada.

Un saúdo,

Compostela, 18 de setembro de 2020

Xesús Bermello García
Secretario Nacional CIG-Ensino